



## **INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR. PROPOSICIÓN DE LEI DE MEDIDAS DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN POLÍTICA.**

### **Exposición de motivos**

A crecente corrupción política é unha das cuestións que máis preocupan á cidadanía galega. Así o teñen demostrado distintas enquisas e as diferentes mobilizacións nas prazas do noso País. E mesmo este elemento ten contribuído notablemente á desafección pola política e polas persoas que participan en organizacións políticas, sindicais e outras entidades vinculadas á acción pública. A calidade da nosa democracia vese atacada por esta falla de credibilidade. Cómpre, xa que logo, actuar de vez, promovendo medidas que dificulten o aproveitamento das persoas que asumen a representación política da cidadanía. Esta lei non pretenden resolver, castigar ou sancionar, senón prever. Ao igual que a medicina preventiva non resolve un andazo ou unha pandemia, senón que diminúe notablemente o seu impacto, esta relación de medidas pretenden limitar a incidencia do fenómeno da corrupción na política galega. Con esta finalidade, e tendo en conta que este problema non é exclusivo da nosa terra, tómanse como referencia outras experiencias existentes noutras latitudes como son o caso da ficha limpa da lexislación brasileira, os criterios marcados pola organización Transparencia Internacional e a propia proposta do Fiscal Superior de Galicia da creación do Consello de Prevención da Corrupción, figura existente na República portuguesa desde 2008. Mesmo esta mencionada institución segue as recomendacións de organismos internacionais que están dentro do Consello de Europa como o Grupo de Acción Financeira (GAFI) e o Grupo de Estados Contra a Corrupción (GRECO), que instan a que o esforzo preventivo o constitúe o establecemento dun “deber de dilixencia reforzado” das institucións financeiras en relación as “persoas politicamente expostas” residentes no territorio nacional.

Certamente , o propio Fiscal Superior de Galicia leva varios anos insistindo na súas sucesivas memorias anuais da necesidade de avanzar na dirección de establecer “na nosa comunidade autónoma un órgano coa misión de axudar a previr fenómenos desta natureza”. E as súas consideracións sempre foron acollidas con boas palabras por todas as forzas políticas con representación no Parlamento de Galicia. Con esta lei dáselle expresión material á boa vontade expresada na nosa cámara lexislativa. Con todo, é necesario que estas medidas acompañen a unha exemplaridade na conduta nos representantes políticos galegos, e unha actuación pedagóxica orientada ao cambio dunha cultura política enormemente instalada no maxín colectivo da cidadanía galega, así como do endurecemento do castigo a aqueles que non cumpren.

### **Artigo preliminar.**

No marco da presente lei, entenderanse por actividades de risco todas aquelas que podan incitar ou supoñer a:

- a) Actividade criminal económica e/ou financeira.
- b) O tráfico de influencias ou violación do deber de segredo nas deliberacións de órganos de decisión da Administración pública.
- c) A adquisicións de bens ou servizos produto do uso de información privilexiada.
- d) O branqueo de capitais
- e) A apropiación ou uso indebido de bens, servizos públicos ou favores privados procedentes da actividade pública, principalmente aquela derivada de adxudicación de concursos ou de concesións directas.
- f) O beneficio ilícito no exercicio das funcións de representación política da cidadanía ou das responsabilidades que lle son propias a quen teña cargo na Administración Pública ou no sector público.
- g) Calquera outra actividade, non comprendida nos apartados anteriores, que supoña a comisión dun ilícito no campo da prevención da corrupción ou infraccións conexas.



### **Artigo 1. Nos procesos electorais ao Parlamento galego.**

- a) Serán excluídas das listaxes electorais aquelas persoas que estean imputadas por casos de corrupción.
- b) Aquelas persoas que ocupando cargos públicos foran condenadas por un delito mesmo dispoñendo aínda da posibilidade de recorrer, non poderán facer parte dunha listaxe electoral para un período de oito anos.
- c) Aquelas persoas que cometan irregularidades que, non sendo delictivas, sexan eticamente reprobables e incompatíbeis co desempeño dunha responsabilidade pública.
- d) Os partidos políticos, coalicións de partidos ou agrupamentos de electores farán públicas as súas contas antes e despois de cada proceso electoral.

### **Artigo 2. Da dación de contas dos representantes públicos.**

- a) Todos os partidos políticos, os sindicatos e as fundacións vinculadas a partidos políticos e sindicatos deben facer pública anualmente a súa declaración de bens e intereses.
- b) Todos os representantes políticos e sindicais deben facer pública anualmente a súa declaración de bens e intereses.
- c) A mediados da lexislatura todas as persoas que ocupan un cargo electo deberán someterse a un referendo ante o a cidadanía inscrita no censo electoral da Comunidade Autónoma.

### **Artigo 3. Da limitación de mandatos.**

Ningunha persoa poderá ocupar durante máis de dous mandatos completos o mesmo cargo de responsabilidade na Administración autonómica.

### **Artigo 4. Na contratación no sector público.**

A proposta do Parlamento galego, limitarase o importe máximo acumulado de contratos nun mesmo ano por unha mesma empresa ou grupo de empresas mediante a subscripción de contratos menores e/ou contratos adjudicados mediante procedemento negociado sen publicidade coa administración autonómica galega ou os seus organismos autónomos.

### **Artigo 5. O Consello de Prevención da Corrupción.**

1. A presente lei crea o Consello de Prevención da Corrupción (CPC), entidade administrativa independente, que funcionará conxuntamente co Consello de Contas, e que desenvolverá a súa actividade no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A actividade do CPC está exclusivamente orientada á prevención da corrupción. Xa que logo, entre as súas funcións se contan as seguintes:

- a) Recoller e organizar toda información que contribúa á prevención de calquera acontecemento que poda supoñer indicio de corrupción.
- b) Promover a aplicación de medidas xurídicas e administrativas orientadas á prevención da corrupción política, así como avaliar a eficiencia e a eficacia das mesmas.
- c) Asesorar, a instancias do Parlamento galego e dos Concellos galegos, sobre a produción lexislativa en materia de prevención de corrupción.

3. O CPC colabora, a petición das administracións e empresas públicas, fundacións, partidos políticos, sindicatos e entidades asociativas na adopción de medidas internas orientadas á prevención da corrupción, nomeadamente:



- a) Na elaboración de códigos de conduta que faciliten ás entidades antes mencionadas a comunicación ás autoridades competentes de feitos que podan supoñer indicio de fenómenos de corrupción.
  - b) Na promoción da formación as entidades antes mencionadas para a prevención da corrupción.
  - c) Na recomendación aos órganos dirixentes das entidades que dispoñan de recursos públicos para elaboraren Planes de Xestión de Riscos de Corrupción e Infraccións conexas nas áreas de contratación pública e da concesión de beneficios .
4. O CPC coopera cos organismos estatais ou internacionais que o soliciten en actividades orientadas aos mesmos obxectivos.
5. O CPC está presidido polo Presidente ou Presidenta do Consello de Contas e está composta por:
- a) A persoa que ocupe a Secretaría xeral do Consello de Contas.
  - b) A persoa de maior responsabilidade en materia de inspección tributaria en Galicia.
  - c) Un Secretario ou secretaria dun dos Concellos de Galicia, a proposta do Parlamento de Galicia, cun mandato de catro anos e renovable por outro mandato.
  - d) A Fiscalía Superior de Galicia.
  - e) Un avogado, nomeado polo Consello Galego da Avogacía, cun mandato de catro anos e renovable por outro mandato.
  - f) Unha personalidade de recoñecido prestixio nesta área, escollido polos restantes membros do CPC, cun mandato de catro anos e renovable por outro mandato.
6. Compete ao CPC:
- a) Aprobar o regulamento da súa organización e funcionamento e da actividade de apoio a cidadanía ou a outras entidades.
  - b) Sinalar publicamente aquelas actividades que podan ser consideradas de risco, nomeadamente aquelas que afecten á adquisición de bens, servizos, ou favores privados procedentes da actividade pública, principalmente aquela derivada de adjudicación de concursos ou de concesións directas.
  - c) Verificar que as entidades públicas dispoñen e aplican efectivamente os planes de xestión de riscos esixidos e facer as observacións que a este respecto considere oportunas.
7. O CPC debe presentar ao Parlamento galego unha Memoria de actividade do ano anterior, relatando os indicios de actividade susceptible de ser identificada como corrupta, e de forma principal as actividades de risco no ámbito da Administración Pública ou no sector público empresarial. De igual modo a petición propia ou do Parlamento de Galicia, o CPC pode presentar informes sobre aspectos máis concretos, parciais ou sectoriais da súa actividade.
8. No momento no que o CPC teña coñecemento de feitos constitutivos de delito remitirá toda a información en mans da Administración de xustiza.
9. As entidades públicas, organismos, servizos e axentes da Administración pública en Galicia fican obrigadas a prestar colaboración ao CPC, facilitándolle a información reclamada no ámbito das súas competencias. O incumprimento desta obriga de colaboración será comunicada aos órganos da respectiva tutela para efectos disciplinarios correspondentes.
10. O CPC establecerá fórmulas que procurarán a dotación de garantías legais para as persoas denunciante de prácticas corruptas.